




ENSINARLLE NA CASA OS SEGUINTES

HÁBITOS:

 De **limpeza**: lavar as mans, a cara, aprender a limpase no servizo, a soarse.

 De **autonomía persoal**: abotoarse e desabotoarse, subir e baixar cremalleiras, vestirse e espirse (abrigo, chaqueta, mandilón). Subir e baixar os pantalóns.

 Ensinarlles a **controlar os esfínteres** (non pode vir ao colexio con cueiro)

DÍA REUNIÓN PAIS/NAIS: 7 de setembro de 2018 ás 12:00h da mañá

Horario mes setembro: Período de adaptación do 12 ao 25 de setembro (Orde do)

O primeiro día (mércores 12) os nenos/nenas acudirán á aula no seguinte horario:

-10:00 a 11:00 (metade da clase)

-12:00 a 13:00 (metade da clase)


Sete días seguintes (dende xoves 13 ata o venres 21):


-10:00 a 11:30 (metade da clase)


-12:00 a 13:30 (metade da clase)


O luns 24 e o martes 25 de setembro, rematamos o período de adaptación coa asistencia conxunta dos dous grupos cun horario reducido de 10:00 a 13:30h.


NORMAS E HÁBITOS PARA O COLEXIO:


 **MANDILÓN**: segundo o modelo do colexio e con puño de goma. Poñer o nome do neno/a en lugar visible. É imprescindible que a roupa de abrigo traia unha cinta para colgar na percha.

 **ROUPA AXEITADA**: non traer roupa con tirantes nin cinto ..., mellor roupa tipo chándal con goma no pantalón, ampla e cómoda. **MARCAR A ROUPA** e as mochilas. O colexio ten uniforme e chándal propio (non obrigatorios).

 **CALZADO**: sen cordóns, mellor con velcro, pois estamos nun colexio con escaleiras e poden caer ao pisar os cordóns.

 **PUNTUALIDADE**. Tanto na entrada como na saída para beneficio do neno e da nena.

 **ENFERMIDADES**: cando estea enfermo/a mellor que quede na casa tanto por el/a mesmo/a como polos compañeiros/as. Ao incorporarse ás clases entregarse ao mestre/a xustificante das faltas.

 **NOTA IMPORTANTE**: chamaremos á casa, sempre que o alumno/a faga caca, ou pis para cambialo/a. Precisamos ter os números de teléfonos sempre actualizados e operativos no horario escolar.

Non está permitido, ás familias, tomar fotografías ou vídeos .

EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Curso: 2018 - 2019



<http://www.ospitinosmariapita.blogspot.com/es/>

Atópanos tamén en :







XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e O. U.
C.E.I.P. "María Pita"
Ronda Camilo José Cela nº 2 15008 A Coruña
Tf: 981 29 22 35 Fax: 981 13 95 99
ceip.maria.pita@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmariapita/>


OBXECTIVOS XERAIS.


A Educación Infantil é o primeiro tramo do sistema educativo establecido. Ten carácter voluntario e abarca dous ciclos: de 0 a 3 anos que sería o primeiro ciclo e de 3 a 6 anos o segundo ciclo, que é o que se imparte neste centro.

A colaboración de pais/nais o tutores legais vai ser fundamental para que xuntos axudemos a que os nenos e nenas vexan a escola como un lugar no que desenvolver as súas habilidades sociais e as súas capacidades.


Os obxectivos que conseguirán ao longo da Educación Infantil son os seguintes:


-  Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o seu propio corpo.
-  Actuar de forma cada vez máis autónoma.
-  Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo.
-  Observar e explorar o contorno inmediato.


 Representar e evocar aspectos diversos da realidade.


 Enriquecer as súas posibilidades expresivas.


PROPOSTAS E SUXESTIÓNS.


 **Mostrar seguridade e confianza na escola,** hai que empezar por aceptar persoalmente a incorporación, recoñecendo a autonomía do fillo/a. Ante a menor dúbida establecer comunicación e diálogo co profesorado, é a mellor solución.


 **Crear actitudes positivas respecto á escola infantil:** comentar con eles as actividades que van realizar, os nenos/as cos que van xogar, os xoguetes e os materias que van atopar, etc.


 **Non facer comentarios negativos sobre a escola:** non ameacedes coa escola como un lugar onde terá que seguir una disciplina máis estrita que na casa.

 **Intercambiade co mestre/a toda a información** que facilite un mellor coñecemento dos nenos/as. Acudide ás reunión e entrevistas.

 **Acudide á titora** cando vos xurda algunha inxeranza sobre o voso fillo/a ou teñades interese por coñecer algo máis sobre eles.

 **Dádelle importancia ás actividades cotiás** que vos conte o voso fillo/a.

 Acostumádeos a **recoller** cada cousa no seu sitio despois de utilizala.

 **Fomentade a non-violencia:** queremos conseguir una escola nun ambiente educativo de non agresividade. Sabemos que ás veces os nenos/as desta idade amosan agresividade como defensa, por iso, **dende a escola e o fogar, temos que educar en e para a paz.**

